

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 10 DE OUTUBRO DO 2005.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de Outubro de dous mil cinco; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón (ausente) e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 3 de Outubro (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-**

“Vista o escrito de **DON APOLINAR RIVERA ESTÉVEZ**, con domicilio na rúa Muñoz Calero, nº 33-1º D, desta vila, no que solicita condicións urbanísticas da propiedade sita na rúa Avia, nº18, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polo arquitecta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico:

“Dado que a propiedade atópase situada na ZONA DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO, é de aplicación o fixado no **Título XII.- Zona de Protección** das Ordenanzas do Plan Especial de Reforma Interior do Casco Antigo (P.E.P.R.I.):

- **Artigo 89. Condicións de Altura:** *“De acordo có previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Ámbito Municipal e coa Análise das Cuencas Visuais do Polígono de Percepción, en toda a zona delimitada como de respecto ningunha nova edificación poderá excede-las tres plantas (B+2) en ningún punto sobre a rasante natural do terreo”.*

*Coas excepcións derivadas da realidade consolidada, que implica que non quedarán fora de ordenación os edificios existentes.*

- **Artigo 90. Condicións de Estética:** *“Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas”.*

Así como as condicións da Modificación Puntual do P.E.P.R.I., aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Ribadavia na súa sesión ordinaria de data de 26 de febreiro de 2005.

Respecto ás Normas Subsidiarias Municipais (NNSSMM), é de aplicación a **Ordenanza CU: Conxunto Urbano en Conservación Parcial de Carácter**; e, segundo consta no plano de ordenación, a **Ordenanza RC: Residencial Cerrada**.

Na actualidade a parcela atópase parcialmente ocupada por unha edificación que carece das condicións mínimas de ornato público polo que non se cumpre o esixido no *artigo 9.1.b). Deberes de uso, conservación e rehabilitación* da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\* CONDICIÓN DE USO:

- *Usos admitidos, segundo apartado 4.8.3.1 das NNSSMM: “vivenda agrupada; talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles coa vivenda; comercial en tódolos graos e dotacional calquera clase, de primeiro grado asimilable á ordenación cerrada”.*

\* CONDICIÓN DE POSICIÓN:

- *Aliñacións e rasantes, segundo apartado 4.8.4.1 das NNSSMM: “as de planeamento”, reflexadas na documentación gráfica.*

\* CONDICIÓN DE PARCELACIÓN:

- *Condicións de parcelación, segundo apartado 4.8.4.2 das NNSSMM: “sen limitación en razón do parcelario”.*

\* CONDICIÓN DE VOLUME:

- *Fondo máximo.- Segundo o apartado 4.8.4.3. das NNSSMM: “O fondo máximo para calquera altura será de 15,00 m”.*

\* CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN:

- *Condicións de altura, para novas edificacións deberá cumprirse o artigo 89 das Ordenanzas do P.E.P.R.I., citado anteriormente: B+2P, que segundo o artigo 42. Alturas das nomeadas ordenanzas, será como máximo de 10,00 m. medidos por debaixo do forxado e no punto medio cada 12,00 m.*

- *Condicións de altura de plantas, deberá cumprirse o artigo 43 das Ordenanzas do P.E.P.R.I.*

*Planta baixa dedicada a vivenda: 3 m.*

*Planta baixa non dedicada a vivenda: 3,50 m. libres cun mínimo de 3,00 m.*

*Na planta de vivenda a altura máxima será de 3,00 m. libres e a mínima de 2,50 m..*

- *Artigo 44 das Ordenanzas do P.E.P.R.I. Aproveitamento baixo cuberta:*

*Considéranse habitables tódolos aqueles espazos que alcancen a altura de 1,50 m.*

*Como iluminación e ventilación permítense ventás en cuberta. As ventás e lucernarios de cuberta colocaranse coa mesma inclinación do plano de cuberta.*

*Prohíbese a construción de bufardas por non ser elementos representativos da tipoloxía. Soamente autorízanse as existentes e orixinarias da edificación.*

**- Artigo 34 das Ordenanzas do P.E.P.R.I. Cubertas:**

*Manterase a inclinación das cubertas orixinais, para o caso de substitución. En obra nova realizarase cunha pendente entre os 20 e os 30 graos. A altura máxima de cumio sobre o último forxado será de 3,50 m. Serán sempre a dúas augas e con faldóns paralelos a fachada salvo edificacións en esquina que serán a catro augas. Quedan expresamente prohibidas as azoteas (excepto as orixinarias da edificación) e os cambios de pendente.*

**- Artigo 29 das Ordenanzas do P.E.P.R.I. Elementos saíntes e de coroación de fachadas: aleiros, cornixas e petos.**

*Non se admitirá a prolongación da forxados fora do plano da fachada.*

*Os remates de fachadas executaranse mediante aleiros e cornixas, salvo casos excepcionais cando se xustifique por adaptación da nova edificación a seus colindantes, para súa configuración interpretaranse ou repetirán solucións tradicionais, non podendo formarse o aleiro ou cornixa, en ningún caso, mediante o voo do forxado da última planta en todo seu espesor.*

*O voo dos aleiros non superará a lonxitude máxima de 40 cm.*

*Admitiranse solucións tradicionais con aleiro e balcón corrido na última planta co plano de fachada lixeiramente recuado ata alcanzar unha profundidade máxima de 1 m. entre o borde exterior do aleiro e a cara exterior do paramento de pechamento.*

*As impostas, molduras e cornixas poderán realizarse en pedra e outros materiais admitidos na composición da fachada, definindo unha molduración que posibilite a diminución do seu canto, de tal forma que no seu extremo non sexa superior a 15 cm., sobre o plano de fachadas.*

*Non se autoriza a coroación de fachadas mediante antepeitos ou petos.*

**\* CONDICIÓNES ESTÉTICAS:**

- *Deberá cumprirse o anteriormente citado **Artigo 90. Condicións de Estética: “Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas”, recollidas no Título VII. Condicións estéticas das Ordenanzas do P.E.P.R.I., así como as condicións da Modificación Puntual do P.E.P.R.I., aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Ribadavia na súa sesión ordinaria de data de 26 de febreiro de 2005.***

Así mesmo deberán cumprirse as Condicións Mínimas de Habitabilidade, esixidas no Decreto 311/1992, e as Condicións de Protección Contra Incendios, esixidas na NBE-CPI/96, así como toda aquela normativa de obrigado cumprimento.”

“Vista o escrito de **DON JOSÉ VILLAMARÍN RODRÍGUEZ**, con domicilio na rúa Progreso, nº 38, desta vila, no que solicita emprazamento, escalas 1/500 ou 1/2000; topográfico solar, escalas 1/200 ou 1/500; normativa urbanística aplicable: plano de zonificación, plano de aliñación, rasantes e condicións edificabilidade da parcela sita na rúa Carlos Casares, nº 4, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polo arquitecta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico:

“Dado que a propiedade atópase situada na ZONA DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO, é de aplicación o fixado no **Título XII.- Zona de Protección** das Ordenanzas do Plan Especial de Reforma Interior do Casco Antigo (P.E.P.R.I.):

- **Artigo 89. Condicións de Altura:** “*De acordo có previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Ámbito Municipal e coa Análise das Cuencas Visuais do Polígono de Percepción, en toda a zona delimitada como de respecto ningunha nova edificación poderá excede-las tres plantas (B+2) en ningún punto sobre a rasante natural do terreo*”.

*Coas excepcións derivadas da realidade consolidada, que implica que non quedarán fora de ordenación os edificios existentes.*

- **Artigo 90. Condicións de Estética:** “*Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas*”.

Así como as condicións da Modificación Puntual do P.E.P.R.I., aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Ribadavia na súa sesión ordinaria de data de 26 de febreiro de 2005.

Respecto ás Normas Subsidiarias Municipais (NNSSMM), é de aplicación a **Ordenanza CU: Conxunto Urbano en Conservación Parcial de Carácter**; e, segundo consta no plano de ordenación, a **Ordenanza RC: Residencial Cerrada**.

\* CONDICIÓN DE USO:

- **Usos admitidos, segundo apartado 4.8.3.1 das NNSSMM:** “*vivenda agrupada; talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles coa vivenda; comercial en tódolos graos e dotacional calquera clase, de primeiro grado asimilable á ordenación cerrada*”.

\* CONDICIÓN DE POSICIÓN:

- **Aliñacións e rasantes, segundo apartado 4.8.4.1 das NNSSMM:** “*as de planeamento*”, *reflexadas na documentación gráfica.*

\* CONDICIÓN DE PARCELACIÓN:

- **Condicións de parcelación, segundo apartado 4.8.4.2 das NNSSMM:** “*sen limitación en razón do parcelario*”.

\* CONDICIÓN DE VOLUME:

- **Fondo máximo.- Segundo o apartado 4.8.4.3. das NNSSMM:** “*O fondo máximo para calquera altura será de 15,00 m*”.

\* CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN:

- **Condicións de altura, para novas edificacións deberá cumprirse o artigo 89 das Ordenanzas do P.E.P.R.I., citado anteriormente: B+2P, que segundo o artigo 42. Alturas das nomeadas ordenanzas, será como máximo de 10,00 m. medidos por debaixo do forxado e no punto medio cada 12,00 m.**

- **Condicións de altura de plantas, deberá cumprirse o artigo 43 das Ordenanzas do P.E.P.R.I.**

*Planta baixa dedicada a vivenda: 3 m.*

*Planta baixa non dedicada a vivenda: 3,50 m. libres cun mínimo de 3,00 m.*

*Na planta de vivenda a altura máxima será de 3,00 m. libres e a mínima de 2,50 m..*

- **Artigo 44. das Ordenanzas do P.E.P.R.I. Aproveitamento baixo cuberta:**

*Considéranse habitables tódolos aqueles espazos que alcancen a altura de 1,50 m.*

*Como iluminación e ventilación permítense ventás en cuberta. As ventás e lucernarios de cuberta colocaranse coa mesma inclinación do plano de cuberta.*

*Prohíbese a construción de bufardas por non ser elementos representativos da tipoloxía. Soamente autorízanse as existentes e orixinarias da edificación.*

- **Artigo 34 das Ordenanzas do P.E.P.R.I. Cubertas:**

*Manterase a inclinación das cubertas orixinais, para o caso de substitución. En obra nova realizarase cunha pendente entre os 20 e os 30 graos. A altura máxima de cumio sobre o último forxado será de 3,50 m. Serán sempre a dúas augas e con faldóns paralelos a fachada salvo edificacións en esquina que serán a catro augas. Quedan expresamente prohibidas as azoteas (excepto as orixinarias da edificación) e os cambios de pendente.*

- **Artigo 29 das Ordenanzas do P.E.P.R.I. Elementos saíntes e de coroación de fachadas: aleiros, cornixas e petos.**

*Non se admitirá a prolongación da forxados fora do plano da fachada.*

*Os remates de fachadas executaranse mediante aleiros e cornixas, salvo casos excepcionais cando se xustifique por adaptación da nova edificación a seus colindantes, para súa configuración interpretaranse ou repetirán solucións tradicionais, non podendo formarse o aleiro ou cornixa, en ningún caso, mediante o voo do forxado da última planta en todo seu espesor.*

*O voo dos aleiros non superará a lonxitude máxima de 40 cm.*

*Admitiranse solucións tradicionais con aleiro e balcón corrido na última planta co plano de fachada lixeiramente recuado ata alcanzar unha profundidade máxima de 1 m. entre o borde exterior do aleiro e a cara exterior do paramento de pechamento.*

*As impostas, molduras e cornixas poderán realizarse en pedra e outros materiais admitidos na composición da fachada, definindo unha molduración que posibilite a diminución do seu canto, de tal forma que no seu extremo non sexa superior a 15 cm., sobre o plano de fachadas.*

*Non se autoriza a coroación de fachadas mediante antepeitos ou petos.*

**\* CONDICIÓN ESTÉTICAS:**

- *Deberá cumprirse o anteriormente citado **Artigo 90. Condicións de Estética: “Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas”, recollidas no Título VII. Condicións estéticas das Ordenanzas do P.E.P.R.I., así como as condicións da Modificación Puntual do P.E.P.R.I., aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Ribadavia na súa sesión ordinaria de data de 26 de febreiro de 2005.***

Así mesmo deberán cumprirse as Condicións Mínimas de Habitabilidade, esixidas no Decreto 311/1992, e as Condicións de Protección Contra Incendios, esixidas na NBE-CPI/96, así como toda aquela normativa de obrigado cumprimento.

Acompáñase documentación gráfica segundo a planimetría existente no Concello.”

### **CUALIFICACIÓN DEFINITIVA**

“Visto o expediente a nome de **Don Manuel Pérez Pérez**, con domicilio na rúa Cervantes, nº 10, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Cervantes, nº 10, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra das arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 3.606,07 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 3606,07 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Don Alejandro Fernández Ríos**, con domicilio na rúa Eduardo García Penedo, nº 1-3º Esquerda, desta vila, relativo a subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Eduardo García Penedo, nº 1-1º Esquerda, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra das arquitectas da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 4.121,62 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 3.090,54 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

### **3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

“Visto o escrito presentado por **don David Imbernon Nogueiras**, con domicilio na Estrada Ventosela, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Avda. de Redondela, nº 23-4º C, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal

da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Imbernon Cabezas**, con domicilio na Estrada de Ventosela, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Avda. De Redondela, nº 23-1ºD, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Paz Silva**, con domicilio na Avda. De Redondela, nº 23-3ºE, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Avda. De Redondela, nº 23-3ºE, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **dona Paulina Rodríguez García**, con domicilio na Rúa Zamora, nº 54-5ºB, Vigo (Pontevedra) no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa López Ramón, nº 25-1ºEsquerda, desta vila, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Guillermo López Carballal**, con domicilio na Estrada de Filgueira, nº 70, desta vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a finca sita na Estrada de Filgueira, s/n, desta vila.

Tendo en conta o informe da empresa municipal de augas, Aqualia, no que se sinala que no lugar indicado non existe vivenda, estando aparentemente o lugar destinado a gardar maquinaria.

Tendo en conta que a **Ordenanza fiscal nº 11 “Ordenanza fiscal da taxa pola subministración de auga”**, publicada no BOP de Ourense de 5 de outubro de 2.004, sinala no seu artigo 11 que: *“Quedan prohibidas as utilización da auga da rede xeral do abastecemento para a rega de xardín, predios ou lavado de automóbiles con manguera a presión. Non obstante, durante as épocas de abundancia de auga, a Alcaldía poderá*

*autorizar tales usos mediante bandos xerais, sempre que quede garantido o abastecemento domiciliario e industrial”, e no seu artigo 12 punto 2 que: “O Concello , por resolución de Alcaldía, poderá ordenar o corte da subministración de auga a calquera usuario que utilice a auga para os usos prohibidos a que se refire o artigo anterior. A rehabilitación do servizo levará consigo o pagamento de novos dereitos de acometida.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo. Advertir ao interesado que no caso que non se empregue con ese uso, procederase a ordenar o corte da subministración de auga.”

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Consellería de Traballo (Dirección Xeral de Formación e Colocación), con data de entrada no rexistro xeral do Concello o día 5 de outubro de 2005, pola que se achega resolución do Director Xeral de Formación e Colocación do 29 de setembro de 2005 pola que se lle reconece á entidade, CONCELLO DE RIBADAVIA, a condición de centro asociado ao Servizo Galego de Colocación.”

“Dáse conta do escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Protección Civil), con data de entrada no rexistro xeral do Concello de 6 de outubro de 2005, pola que se comunica ao Concello a Resolución do Conselleiro de data 23 de setembro de 2005, pola que se resolve o expediente de cesión de material de intervención para misións de protección civil (motoserra) que o Concello solicitou ao abeiro da Orde de 6 de maio de 2005. Na mesma resolución sinalase que a formalización da cesión farase mediante acta na que constará o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aceptar a cesión da motoserra.

Segundo.- Comunicar a Consellería dita aceptación da cesión do material de intervención para misións de protección civil e sinalar como persoa responsable neste Concello para os trámites de entrega a don José Ignacio Gómez Pérez, concelleiro de servizos municipais (teléfono: 988477100, fax 988477101).

Terceiro.- Comunicar dito acordo á Consellería.”

#### **5.- CUESTIÓNS ECONOMICAS.**

“Dáse conta do Convenio celebrado entre o Ilmo. Concello de Ribadavia e don Juan Manuel Pazos Martínez para o desenvolvemento da actividade de Karate-do nas instalacións do Polideportivo Municipal O Consello e Pavillón Municipal Maquiáns, dende o día 1 de outubro de 2005 ata o 30 de xuño de 2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada e préstalle a súa aprobación.”

“Dáse conta do Convenio celebrado entre o Ilmo. Concello de Ribadavia e don César Fernández Álvarez, presidente do Clube de Atletismo Ribeiro para o uso das instalacións Polideportivo Municipal o Consello e Complexo deportivo o Xestal (pistas atletismo) para a realización da actividade de Atletismo, do día 4 de outubro de 2005 ata o 30 de setembro de 2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada e préstalle a súa aprobación.”

#### **APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2005, por importe de 28.742,19 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 10 de outubro e o 12 de decembro de 2005.”

#### **6.- ASUNTOS VARIOS.**

#### **APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA RECUPERACIÓN DO CASCO HISTÓRICO. INFRAESTRUTURAS XERAIS.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda prestarlle aprobación ao Plan de Seguridade e Saúde da Obra “*Recuperación do Casco Histórico do Concello de Ribadavia. Infraestruturas Xerais*”, presentado pola empresa adxudicataria Construcciones Hermanos Carrajo, S.A., e informado favorablemente por don Casimiro Fontela Bugallo, Coordinador de Seguridade e Saúde da obra, tras o nomeamento aceptado con data 30 de setembro de 2005. Dito acordo deberá comunicarse a Delegación Provincial da Consellería de Traballo (Área de Seguridade e Hixiene).”

#### **APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO DO CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA PARA A EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS DO PROXECTO “AVIA CREA FUTURO” DA INICIATIVA COMUNITARIA EQUAL.**

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade do contrato de consultoría e asistencia técnica para a execución das accións do proxecto “Avia Crea Futuro” da iniciativa comunitaria Equal, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, proposto polo Secretario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar o prego para a adxudicación do contrato de consultoría e asistencia para a execución da acción **2. Área de Formación**, cuxa xestión corresponde de forma individual ao Concello de Ribadavia dentro do Proxecto Avia Crea Futuro.

Segundo.- Cursar invitación a tres empresas con capacidade para realizar o obxecto do contrato, concedéndolles un prazo de sete días naturais para que presenten as súas ofertas e a documentación requirida no prego.

Terceiro.- Sinalar como día para a reunión da Mesa de contratación e apertura de plicas o segundo día hábil seguinte (agás o sábado) ao de finalización do prazo de presentación de ofertas.”

#### **7.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.